



# Manuel Antas Fraga

Presidente do Hospital Español de Salvador de Bahía



Manuel Antas Fraga naceu no ano 1.932 en Cotovade (Pontevedra), e reside dende 1947 na Bahía (Brasil). Destacado empresario en Salvador da Bahía, foi membro activo de todas as sociedades da colectividade galega, recibiu infinidade de recoñecementos polo seu traballo, entre outras ten a medalla de ouro da emigración a medalla de Tomé de Souza o fundador da Bahía e medalla Castelao. Actualmente é presidente da Real Sociedad Española de Beneficencia-Hospital Español.

**A que idade foi para o Brasil, quen o reclamou dende alí?**

Foi un curmá de meu pai que xa estaba na Bahía quen me reclamou e tiven que aumentar a idade en dous anos, porque eu tiña catorce, e con esa idade non se me permitía viaxar, así que nos documentos do Brasil son máis vello que aquí.

**Qué circunstancias lle obrigaron a tomar a decisión de emigrar?**

Naquela época nós pasabamos moitas privacións incluso fame, meu pai foi obrigado a ir á Guerra Mundial, na División azul, e alí ferírono e volveu moi enfermo, sen posibilidade de traballar morrendo despois como consecuencia desas feridas. Así que eu marchei para o Brasil con catorce anos e teño que dicir que foi un trauma, arrincar a un de aquilo que un máis quería, porque xa non era só a familia, era tamén a relación estreita coa natu-

14

reza e incluso cos animais, as vacas, as cans...Pero aínda así cando eu saín de aquí ía cunha certa alegría pensando que viaxaba para a república dos soños como dice Néida Piñón no seu libro, pero cando chegou o momento de embarcar en Vigo, ahí víñeme abaixo, sentín todo o peso que era abandonar todo, colgueime do pescozo da miña avoa e non quería marchar mais ela co corazón roto, tivome que afastar e deixarme ir.

**Hai que ter en conta ademais que eran catorce anos moi distintos do agora.**

Evidentemente non había información, non había radio nin por suposto televisión, carecíamos de coñecementos básicos, eramos analfabetos, porque segundo a UNESCO o alfabetizado é aquel que le e asimila o que ten lido e expresa escribindo o que sente.

**Nesa época as oportunidades de estudar eran poucas, non?**

Eran moi poucas as oportunidades, porque xa non había tempo de ir á escola, pero a maioría dos mestres eran persoas favorecidas por Franco, os republicanos matáronos ou exiláronse así que mandaban aqueles que foran mutilados na guerra. O meu mestre aquí tiña unha peza de metal na cabeza por un tiro que levava e era un neurótico, unha persoa moi agresiva, facíanos cantar o "cara el sol..." para min ir a escola era un terror. Cando cheguei ao Brasil, comecei a traballar de día e ir á escola de noite e podo dicir que o pouco que sei aprendino alí.

**Debe ser un orgullo terse feito a si mesmo, porque vostede é agora un home culto.**

Bueno o que sucede e que eu gosto moito de ler, e sobre todo teño interese por todo, teño esa curiosidade de saber, porque vivín o drama da emigración, como un é tratado e como acabamos sen patria, porque cando estamos no Brasil somos galegos e cando estamos aquí somos brasileiros e eso desorienta a un.

**Tal vez debería sentirse un home afortunado se pensa que ten dúas patrias.**

Home si pero é un pouco como ter dous pais un debería sentirse máis protexido máis non é así. Eu levo alí 62 anos, un cría raíces e ven a ser coma unha árbore transplantada, porque eu hoxe teño máis amigos no Brasil que teño aquí, pero isto tamén me tira, é como unha maldición un sempre ten soledade do lugar onde é que non está eu só quixera saber unha cousa onde é que eu vou morrer para non ir para alí e enganar a morte.

**Si, o caso é que un non pode fuxir, é ela quen nos ven buscar.**

Realmente non me gustaría de sufrir porque eu son unha persoa que non teño crenzas relixiosas, hoxe cre quen non quere pensar, porque toda a información científica que temos estamos a mostrar un mundo infinito cuns corpos celestes que están a millóns de anos luz, como é que se pode crer que houbo alguén que creou todo iso, pero se é alguén que o creou, quen creou ese alguén, ademais é posíbel crer que existe un ser divino poderoso que ten o poder de multiplicar peixes e que permita que haxa xente morrendo de fame, xente inocente, se houbera un deus, non habería tanta inxustiza, tanta miseria tanta dor coma hai no mundo. De calquera xeito eu son un home que gosto de respetar as crenzas dos outros e do mesmo xeito quero que respeten as miñas.

**Donde onde saíu e en que barco viaxou?**

Eu viaxei o día 25 de xullo, foi un día antes de Castelao, él foi para Bos Aires e eu fun para o Brasil, pero entón eu non sabía quen era Castelao nin que había unha bandeira galega, nin un himno. Viaxei no Cuyaba, un barco brasileiro, porque cando a guerra mundial terminou coma o Brasil participara no apoio a guerra con Italia e cos alemáns entón coma pagamento os alemáns deronlle algúns barcos, que foron transformados en barcos mixtos, de pasaxe e carga, eu fun nun deses que lle levou vintenoventa días dende o porto de Vigo ata Salvador da Bahía.

**Cómo lembra a viaxe e que sentiu cando chegou a Bahía?**

A viaxe foi para min unha experiencia con grandes esperanzas e moitas soidades, eu levaba uns soños que nunca se cumpriron nin para min nin para ninguén, como decía "Calderón de la Barca los sueños sueños son", nunca os soños se realizan totalmente. Foi un tempo de pensar de imaxinar como sería aquel mundo que me ía topar, como eu practicamente non sabía ler e tampouco había moito que ler no barco, pasaba os días de aquí para alí e cabilando e mirando as gaivotas e os peixes

voadores... O que recordo era que nos daban un pan de trigo que eu non estaba acostumado a comer, porque nos tiñamos millo. Cando cheguei a Bahía mirei unha cidade que parecía bonita e alí estábame agardando un curmá de meu pai. Fun traballar nunha casa de ultramarinos, e aínda que se falemos unha mesma lingua hai diferencias, había moitas palabras que eu non entendía, aos guisantes chamábanlle hervillos, á grasa chamábanlle baia, entón como non estaba apto para tratar con público, puxéronme no fondo da tenda a separar as patatas podres das boas, alí naqueles longos días, era cando eu máis me lembraba da miña familia, se eu naquel entón tivera recursos económicos para mercar unha pasaxe, valtaría para casa, prefería a miseria de aquí que a fartura de alí.

## "marchei o Brasil con catorce anos e teño que dicir que foi un trauma"

**Aínda con todo isto, non considera vostede que a emigración a América foi menos traumática que a que posteriormente se fixo a Europa, pola dificultade da lingua, a grande diferenza dos costumes...?**

Sempre en calquera caso é moi difícil adaptarse, eu sempre digo, maldita é a terra que dá aos seus fillos e non os pode criar, a emigración nunca é recomendábel para ninguén, nos íamos entusiasmados porque víñan aqueles brasileiros, cheos de cadeas de ouro e aneis...e un pensaba que víñan do paraíso, onde o diñeiro se atopaba facilmente, e era tan difícil facer cartos como o era aquí, eu teño a certeza que se eu fiviera traballado aquí coma o fixen alí, tería tido un éxito económico seguramente igual. Lémbrome dalgúnhas cousas nas que se facía distinción coma por exemplo cando saíamos aos bailes a relacionarnos coas mozas, nos eramos cidadáns de segunda categoría, porque os galegos eramos incultos e ata incluso sucios, procedíamos das aldeas onde non había nin costume nin comodidades para nos tomar baño todos os días. Naquela a Bahía chegou a ter 17.000 galegos hoxe son máis de sesenta e tantos mil entre galegos e descendentes, fillos e netos, os autóctonos xa foron morrendo, porque estamos a falar dunha emigración da década dos cuarenta, cincuenta...Entón a emigración foi iso un soño que moitos non realizaron e incluso os que o conseguiron nunca foi completo, nunca foi coma se estiveran na súa terra, coma din no Brasil, "o home onde nace e o boi onde paca"

**Non pensa vostede que se está a cometer unha inxustiza no tratamento agora cos emigrantes que nós recibimos e tamén cos descendentes de galegos que volven?**

Eu penso que si, porque nós chegamos a ter máis dun millón de galegos na emigración, uns por motivos políticos outros por necesidade. Cando vexo por exemplo aos marroquís, eu sempre os trato con cariño porque sei o drama que é estar lonxe do país, cultura diferente, idioma diferente, para adaptarse pásoño moi mal, pero nos para ir para o Brasil tiñamos que ter unha carta de chamada con contrato de traballo e un certificado de boa conduta, quer dicir que sabían quen eramos cando chegabamos alí, pero esas persoas que chegan nas pateras e todos os cartos que se gastan en atendelos e repatrialos debería ser empregado en gastalo en orixe, no seu país, darlle medios económicos para que eles poidan subsistir na súa terra, porque eles tamén non son felices aquí, entón eu penso que a Comunidade Europea era o que tiña que tomar conta, deberíanos de axudar, porque a súa terra produce, por tanto eu son sensible a iso, pero eu penso que debería regularse e orgoizarse dalgún xeito, porque o mundo está globalizado, mais está globalizado o diñeiro pero a parte social non está, eu penso que hai agora máis pobres que antes e máis ricos tamén, o ricos son hoxe máis ricos e os pobres moito máis pobres miña nai cando eu fun para o Brasil fivo que

15

vender unha vaca a miña pasaxe custou 220 pesetas que era unha fortuna, no segundo ano conseguín aclarar algúns cartos para lle mandar, os emigrantes axudamos, cando eu cheguei ao Brasil España tiña 36 ou 37 millóns de habitantes e Brasil tiña cuarenta, hoxe España debe ter 44 con emigración e con todo e Brasil ten 200 millóns foi unha explosión demográfica.

**Cantos anos pasaron ata que poido voltar a Galiza?**

Pois eun fun na 47 e vin na 56, pasaron nove anos, cando cheguei aquí aqueles que eran rapaces, xa se voltaran homes a moitos non os coñecía nin eles a min, incluso a miña nai, que eu tiñalle mandado fotos, que tardaban trinta días en chegar, coñecía evidemente, porque tiña os retratos, pero en realidade era o seu fillo, pero era outro, outra persoa, marchou un neno e volveu un home. Eu estaba suxeito ao servizo militar así que so podía estar aquí seis meses e é curioso que o primeiro mes foi para min extraño, eu non quería parar aquí xa tiña desexos de voltar, mais despois dun tempo eu xa quería ficar aquí, xa me ambientara, ía os festas...

**Vostede desenvolveu unha grande actividade na colectividade galega, ao fronte de que sociedades ou institucións estivo?**

Fu fun presidente de todas as institucións galegas na Bahía, comecei sena presidente de Caballeros de Santiago, despois presidente do Galicia Club de fútbol, que foi primeira división no Brasil, hoxe está en segunda, presidente do Centro Español, do Hospital Español, aquí fun elixido tres veces, agora faltanme 18 meses para rematar e despois retirareime. Tamén fun conselleiro xeral e representante de todos os emigrantes no Brasil sendo os galegos case un 90%, tamén son socio benemérito do Centro de Estudos Galegos, en fin eu formei parte de todas as institucións e nunca a fixen cun interese lucrativo, sempre co interese de axudar, aos que non tiñan medios de estudar buscábase de darlle unha beca, no hospital agora temos un servizo social, para que ningún galego morra na rua, porque a seguridade social no Brasil non dá cobertura a todos os cidadáns, e alí teñen un hospital de primeira liña, onde poden morrer con dignidade, se é que a morte ten dignidade.

**Cando se inicia o hospital, con que fin e con que capitais?**

A mediados do século 18, a emigración toda destas illas foron para a Bahía, segundo un historiador me comentou, o rei de Portugal, Xoán VI marchou cunhas 60 naves e as persoas máis nobres do país con todas as riquezas, foron para a súa colonia máis florecente que era o Brasil e chegaron protexidos pola escuadra inglesa. Esas nobres portuguesas, tiñan maiordomas e criados que eran galegos destas zonas de por aquí, eses empregados establecéronse alí, comezando a chamar a outros familiares e veciños, uns ían levando aos outros, pero a fame e a falta de cuidados, fixo que houbera moitos físicos, tamén os había infectados de enfermidades venéreas. Era unha época en que non había hospitais nin seguridade social, non había nada, así que os galegos que xa estaban establecidos, que tiñan os seus comercios cando lle enfermaban os empregados víñase obrigados a telos na casa ou no seu entorno, por medo de se contaminar coa tuberculose e outras enfermidades,



pensaron en mercar un terreno para facer un ambulatorio con camas para por esas persoas doentes, o hospital non foi feito con ánimo de ser benéfico senón para ter afastada aquela xente coma nun gueto ata que tivesen un barco que poidera repatrialos e víñeran a morrer aquí. Máis tarde o hospital foi crecendo e tomando outro rumbo, hoxe é o mellor hospital que hai da diáspora galega, non é o máis grande máis é o mellor, os máis grandes están en Bos Aires e en Montevideo, imos ver se conseguimos manter esta xela. As persoas tiñanse que facer socios para ter dereitos, pagaban un prezo simbólico e así mantíase o hospital. Hoxe non é posíbel manterse só cos socios, complementándose cunha seguros médicos coma é aquí a Aedes e iso é realmente o que mantén o hospital, hai tamén unhas pequenas subvencións do goberno de aquí, mais non é importante.

**O hospital é so para os galegos ou tamén para brasileiros?**

Estamos considerados de utilidade pública polo goberno federal, polo goberno estadual e polo concello e non pagamos impostos porque hai un manexo de beneficencia. Nos atendemos a brasileiros ou calquera outra nacionalidade, mais gratuitamente só aos galegos sen recursos e dánselle todos os servizos incluso unha ambulancia a buscalos se fora preciso e iso é extensivo a calquera español sempre que non teña medios. Contamos con 400 camas, 600

médicos operando e 3.600 funcionarios, que cobren diferentes servizos. Actualmente estamos cuestionando un hospital en Santa María que van ser máis de 80 camas. O próximo día 18 vai inaugurarse o que foi a maior obra que se fixo no exterior no Brasil e toda América Latina, é un novo edificio con trece plantas, na primeira, parking, con 220 prazos, que xunto coas que xa hai convértese nunhas 600 prazos e non é suficiente, porque hai moito movemento, hai ademais un estacionamento aparte para os funcionarios, vai ter calquera ambulatorio médico, despachos administrativos. Vai contar tamén cun auditorio para unhas 300 persoas, unha cafetería.

**Vostede foi distinguido con diferentes condecoracións entre elas a medalla Castelao a realidade supera aos seus soños?**

Teño a condecoración de Isabel II, a orde da Bahía, a do cámara municipal do Salvador, Callero de Santiago, son fillo predilecto da Bahía coa medalla Tomé de Souza que foi o fundador da Bahía, a medalla Castelao, teño un sinfin de condecoracións só non teño a de doutor honoris causa e a do hospital español, porque estando en activo sería algo demagógico. As veces esas títulos non é tanto por méritos se non por cariño, por amizade. Acabo de recibir aquí a distinción de fillo adoptivo de Cotovade, que eu fago extensiva e comparto con todos os emigrantes que se foron e non tiveron a oportunidade de voltar. Como xa dixen anteriormente os soños superan a un, pero estou satisfeito, un non ten que ser ambicioso compre vivir cada día intensamente porque iso é realmente o que temos.

José Antonio Avión Garrido

Foto 2 cedida polo Hospital Español de Bahía; foto 3 cedida por Ana Lucía Garrido

16